

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15021482	San Clemente	Santiago de Compostela	2024/2025

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IFC	Informática e comunicacións	CD2IFC000100	Sistemas microinformáticos e redes	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0221	Montaxe e mantemento de equipamentos	2024/2025	8	206	247

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ÓSCAR JORGE RIVAS VIÑA, ROSALÍA CALLEJA GÓMEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión equipo directivo

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O desenvolvemento curricular deste módulo profesional fíxose tendo en conta os aspectos do contorno educativo e do ámbito produtivo:

- Contorno educativa: O noso centro cumpre coas condicións especificadas pola lexislación educativa vixente e polos Reais Decretos que establecen o currículo do ciclo formativo correspondente ao título de Técnico en Sistemas microinformáticos en Rede.
- Ámbito produtivo: A comarca de Santiago de Compostela que basea a súa economía en varios sectores moi diversificados, sendo un dos destacados as tecnoloxías da información tanto pola alta demanda da administración pública autonómica de este tipo de servicios como de empresas e persoas no ámbito privado.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Orixe e conceptos básicos dun sistema informático		40	17
2	Conceptos básicos de electricidade e electrónica		50	16
3	Compoñentes hardware dun sistema informático		80	33
4	Instalación e administración de software		50	15
5	Automatización da instalación mediante o uso de imaxes de disco		18	10
6	Outras tendencias hardware		5	5
7	Normativa de prevención de riscos laborais e protección medioambiental		4	4

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Orixe e conceptos básicos dun sistema informático	40

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece a arquitectura e os elementos funcionais dun equipamento microinformático, e identifica a súa función.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Recoñecéronse as unidades de medida que describen as características dos compoñentes físicos dun equipamento microinformático.
CA1.2 Descríbense os bloques que compoñen un equipamento microinformático e as súas funcións.
CA1.3 Relacionáronse os bloques internos coa súa funcionalidade.
CA1.4 Identificáronse os elementos que compoñen cada bloque.
CA1.5 Descríbense as características principais dos elementos que compoñen cada bloque.
CA1.6 Descríbiuse o proceso de arranque dun equipamento microinformático.

4.1.e) Contidos

Contidos
Unidades de medida.
Principais funcións de cada bloque.
Localización dos bloques funcionais nun computador de sobremesa, portátil, PDA, móbil, etc.
Compoñentes pertencentes a cada bloque funcional.
Arranque dos equipamentos microinformáticos. Papel de cada bloque funcional.
Software base e de aplicación.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Conceptos básicos de electricidade e electrónica	50

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Mide parámetros eléctricos, identificando o tipo de sinal e a súa relación coas súas unidades características.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Identifícase o tipo de sinal para medir co aparello correspondente.
CA5.2 Selecciónase a magnitude e o rango de medida, e conéctase o aparello segundo a magnitude para medir.
CA5.3 Relaciónase a medida obtida cos valores típicos.
CA5.4 Identifícanse os bloques dunha fonte de alimentación para un computador persoal.
CA5.5 Enuméranse as tensións achegadas por unha fonte de alimentación típica.
CA5.6 Médronse as tensións en fontes de alimentación típicas de computadores persoais.
CA5.7 Identifícanse os bloques dun sistema de alimentación ininterrompida.
CA5.8 Médronse os sinais nos puntos significativos dun sistema de alimentación ininterrompida.

4.2.e) Contidos

Contidos
Conceptos de tensión, corrente, resistencia e potencia.

Contidos
Utilización de instrumentación básica de medición: polímetro.
Tipos de sinais.
Valores tipo.
Bloques dunha fonte de alimentación.
Bloques dos sistemas de alimentación ininterrompida.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Compoñentes hardware dun sistema informático	80

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Recoñece a arquitectura de placas base e identifica a súa evolución asociada á evolución dos microprocesadores.	SI
RA3 - Analiza a función dos compoñentes que integran un equipamento microinformático estándar, e compara prestacións de diversos fabricantes.	SI
RA4 - Ensambla un equipamento microinformático, para o que interpreta a documentación técnica, e verifica o resultado final.	SI
RA6 - Mantén equipamentos informáticos, para o que interpreta as recomendacións de fábrica e relaciona as disfuncións coas súas causas.	SI
RA10 - Mantén periféricos, para o que interpreta as recomendacións de fábrica dos equipamentos e relaciona as disfuncións coas súas causas.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Enumeráronse os formatos de placas base dispoñibles no mercado.
CA2.2 Localizáronse e describíronse os tipos de conectadores para periféricos.
CA2.3 Enumeráronse os tipos de chipsets existentes.

Criterios de avaliación
CA2.4 Localizáronse os zócolos para os módulos de memoria.
CA2.5 Recoñecéronse os buses e as súas características principais.
CA2.6 Descríronse as características e as utilidades máis importantes da configuración da placa base.
CA2.7 Descríronse as características dos microprocesadores (frecuencia, tensións, potencia, zócolos, etc.).
CA2.8 Descríbiuse a función dos disipadores e dos ventiladores.
CA3.1 Avaliáronse tipos de chasis para a placa base e para o resto de compoñentes.
CA3.2 Identificáronse e manipuláronse os compoñentes básicos (módulos de memoria, discos fixos e as súas controladoras, soportes de memorias auxiliares, etc.).
CA3.3 Identificáronse e manipuláronse adaptadores e tarxetas de expansión (gráficos, LAN, modems, etc.).
CA3.4 Identificáronse os elementos que acompañan un compoñente de integración (documentación, controladores, cables, utilidades, etc.).
CA3.5 Identificáronse os periféricos típicos dun equipamento.
CA3.6 Descríronse as súas funcións e as características básicas dos periféricos típicos dun equipamento.
CA4.1 Seleccionáronse as ferramentas e os útiles necesarios para a ensamblaxe de equipamentos microinformáticos.
CA4.2 Interpretouse a documentación técnica dos compoñentes para ensamblar nos idiomas máis empregados pola industria.
CA4.3 Determinouse o sistema de apertura e pechamento do chasis, así como os sistemas de fixación para ensamblar e desensamblar os elementos do equipamento.
CA4.4 Ensambláronse conxuntos de placa base, microprocesador e elementos de refrixeración en varios modelos de chasis, segundo as especificacións dadas.
CA4.5 Ensambláronse os módulos de memoria RAM, os discos fixos, as unidades de lectura e gravación en soportes de memoria auxiliar, e o resto dos compoñentes da unidade central.
CA4.6 Configuráronse parámetros básicos do conxunto accedendo á configuración da placa base.
CA4.7 Executáronse utilidades de revisión e diagnóstico para verificar as prestacións do conxunto ensamblado.

Criterios de avaliación
CA4.8 Realizouse un informe de montaxe.
CA6.1 Recoñecéronse os sinais acústicos e visuais que avisan de problemas no hardware dun equipamento.
CA6.2 Identifícaronse e arranxáronse as avarías producidas por sobrequecemento do microprocesador.
CA6.3 Identifícaronse e arranxáronse avarías típicas dun equipamento microinformático (mala conexión de compoñentes, incompatibilidades, problemas en discos fixos, sucidade, etc.).
CA6.4 Identifícaronse e arranxáronse problemas mecánicos en equipamentos microinformáticos (fallos en soldaduras, en engrenaxes de compoñentes, etc.) .
CA6.5 Substituíronse compoñentes deteriorados.
CA6.6 Verificouse a compatibilidade dos compoñentes substituídos.
CA6.7 Realizáronse actualizacións e ampliacións de compoñentes.
CA6.8 Elaboráronse informes de avaría (reparación ou ampliación).
CA10.1 Identifícaronse e solucionáronse problemas mecánicos en periféricos de impresión estándar.
CA10.2 Substituíronse consumibles en periféricos de impresión estándar.
CA10.3 Identifícaronse e arranxáronse problemas mecánicos en periféricos (fallos en soldaduras, en engrenaxes, etc.) .
CA10.4 Recoñecéronse os usos e os ámbitos de aplicación dos periféricos de captura de imaxes dixitais fixas e en movemento.
CA10.5 Recoñecéronse os usos e os ámbitos de aplicación doutros periféricos multimedia.
CA10.6 Recoñecéronse os usos e os ámbitos de aplicación de equipamentos de fotocopia, impresión dixital profesional e filmaxe.
CA10.7 Aplicáronselles aos periféricos técnicas de mantemento preventivo.

4.3.e) Contidos

Contidos
Periféricos de entrada.
Periféricos de saída.
Periféricos multimedia.
Impresoras.
Monitores.
Periféricos para a adquisición de imaxes fixas e en movemento.
Proxectores de vídeo: fixación e conexión.
Técnicas de mantemento preventivo.
Técnicas de reparación de problemas mecánicos en periféricos.
Chipset da placa base.
Dispositivos integrados na placa.
Formatos de placa base.
Memoria nunha placa base.
Conectores E/S.
Programa de configuración da placa base.
Control de temperaturas nun sistema microinformático.
Características dos microprocesadores.
Chasis.
Controladores de dispositivos.
Placas base.
Microprocesadores.

Contidos

Memoria RAM.

Discos fixos e controladoras de disco.

Soportes de memoria auxiliar e unidades de lectura e gravación.

Adaptador gráfico.

Conectividad LAN e WAN dun sistema microinformático.

Compoñentes OEM e compoñentes retail.

Secuencia da montaxe dun computador.

Fixación e conexión do resto de adaptadores e compoñentes.

Utilidades de revisión e diagnóstico.

Ferramentas e útiles.

Manuais e guías de montaxe.

Precaucións e advertencias de seguridade.

Ensamblaxe do procesador.

Refrigeración do procesador e do equipamento microinformático en xeral.

Fixación dos módulos de memoria RAM.

Fixación e conexión das unidades de disco fixo.

Fixación e conexión das unidades de lectura e gravación en soportes de memoria auxiliar.

Técnicas de mantemento preventivo.

Detección de avarías nun equipamento microinformático.

Sinais de aviso, luminosos e acústicos.

Fallos comúns.

Soldaxe con estaño.

Contidos
Ampliacións de hardware.
Incompatibilidades.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Instalación e administración de software	50

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Instala sistemas operativos, para o que consulta e interpreta a documentación técnica.	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.1 Verifícase a idoneidade do hardware.
CA7.2 Selecciónase o sistema operativo.
CA7.3 Elaborouse un plan de instalación.
CA7.4 Configúranse parámetros básicos da instalación.
CA7.5 Configúrase o xestor de arranque.
CA7.6 Descríbense as incidencias da instalación.
CA7.7 Respetáronse as normas de utilización do software (licenzas).
CA7.8 Actualízase o sistema operativo.

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Requisitos técnicos do sistema operativo.</p> <p>Arranque de equipamentos desde distintos soportes e con diversas aplicacións.</p> <p>Instalación de sistemas operativos.</p> <p>Xestores de arranque.</p> <p>Tipos de instalación: típica e personalizada.</p> <p>Controladores de dispositivos.</p> <p>Parámetros básicos da instalación.</p> <p>Actualización de sistemas operativos e instalación de software base.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Automatización da instalación mediante o uso de imaxes de disco	18

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Instala sistemas operativos, para o que consulta e interpreta a documentación técnica.	NO
RA8 - Instala software nun equipamento informático utilizando unha imaxe almacenada nun soporte de memoria, e xustifica o procedemento seguido.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA7.9 Descríbense as utilidades para a creación de imaxes de disco e das súas particións.

Criterios de avaliación
CA7.10 Preparouse o sistema operativo para a creación de imaxes.
CA7.11 Creáronse imaxes dos sistemas operativos instalados para a súa posterior recuperación ou clonación noutros equipamentos.
CA8.1 Recoñeceuse a diferenza entre unha instalación estándar e unha preinstalación de software.
CA8.2 Identificáronse e probáronse as secuencias de arranque configurables na placa base.
CA8.3 Iniciáronse equipamentos desde diversos soportes de memoria auxiliar.
CA8.4 Restauráronse sobre o disco fixo imaxes almacenadas en soportes locais e remotos.

4.5.e) Contidos

Contidos
<p>0Software para a creación de imaxes do sistema operativo</p> <p>Preparación dos sistemas operativos para a posterior creación de imaxes.</p> <p>Utilidades para a restauración de imaxes de disco e das súas particións.</p> <p>Restauración de imaxes.</p>

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Outras tendencias hardware	5

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA9 - Aplica novas tendencias na ensamblaxe de equipamentos microinformáticos, e identifica as súas vantaxes tendo en conta as características de uso dos equipamentos.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA9.1 Recoñecéronse as novas posibilidades para lle dar forma ao conxunto do chasis e a placa base.
CA9.2 Descríbóronse as prestacións e as características dalgunhas das plataformas semiensambladas (barebones) máis representativas do momento.
CA9.3 Descríbóronse as características dos computadores de entretemento multimedia (HTPC), os chasis e os compoñentes específicos empregados na súa ensamblaxe.
CA9.4 Descríbóronse as características diferenciais que demandan os equipamentos informáticos empregados noutros campos específicos de aplicación.
CA9.5 Avaliouse a presenza da informática móbil como mercado emerxente, cunha alta demanda en equipamentos e dispositivos con características específicas: móbiles, PDA, navegadores, etc.
CA9.6 Avaliouse a presenza do modding como corrente alternativa á ensamblaxe de equipamentos microinformáticos.
CA9.7 Instaláronse sistemas operativos adaptados para o seu uso en dispositivos con características específicas.

4.6.e) Contidos

Contidos
Emprego de plataformas semiensambladas (barebones) para a montaxe de equipamentos.
Computador multimedia de salón: HTPC.
Equipamentos con demandas específicas (estacións de vídeo, CAD-CAM, etc.).
Informática móbil.
Sistemas de posicionamento e navegación.
PDA e móbiles.
Modding.
Sistemas operativos singulares.

4.7.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
7	Normativa de prevención de riscos laborais e protección medioambiental	4

4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA11 - Cumpre as normas de prevención de riscos laborais e de protección ambiental, identificando os riscos asociados, así como as medidas e os equipamentos para previr estes riscos.	SI

4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA11.1 Identifícanse os riscos e o nivel de perigo que supón a manipulación de materiais, ferramentas, útiles, máquinas e medios de transporte.
CA11.2 Respectáronse, en todo momento, as normas de seguridade.
CA11.3 Identifícanse as causas máis frecuentes de accidentes na manipulación de materiais, ferramentas, etc.
CA11.4 Describíronse os elementos de seguridade das máquinas (proteccións, alarmas, pasos de emerxencia, etc.) e os equipamentos de protección individual (calzado, protección ocular, indumentaria, etc.) que se deben empregar nas operacións de montaxe e mantemento.
CA11.5 Relacionouse a manipulación de materiais, ferramentas e máquinas, coas medidas de seguridade e protección persoal requiridas.
CA11.6 Identifícanse as fontes de contaminación do contorno ambiental.
CA11.7 Clasifícanse os residuos xerados, para a súa retirada selectiva.
CA11.8 Valorouse a orde e a limpeza de instalacións e equipamentos como primeiro factor de prevención de riscos.

4.7.e) Contidos

Contidos
Identificación de riscos.

Contidos

Determinación das medidas de prevención de riscos laborais.

Prevención de riscos laborais nos procesos de montaxe e mantemento.

Equipamentos de protección individual.

Cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.

Cumprimento da normativa de protección ambiental.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Avaliase por avaliacións. Para determinar a cualificación de cada avaliación teranse en conta o resultados dos traballos e tarefas propostos na aula e das probas teórico-prácticas:

- Tarefas na aula:

- É imprescindible mentras se esté na aula realizar as tarefas propostas e entregar o que se solicite na aula virtual dentro do prazo proposto.
- Avaliaranse como Apto/Non apto
- É obrigatorio realizar todas as tarefas de cada tema, e obter unha cualificación de Apto para superar a unidade correspondente (e polo tanto a avaliación que contén ditas unidades).
- Non entregar algunha tarefa no prazo estipulado, ou obter algunha cunha cualificación de Non apto sen subsanar os erros, implicará que o alumno non superará dita unidade e por tanto, a avaliación na que se avalía. Neste caso deberá recuperar dita avaliación no exame final de Xunio.

- Probas teórico/prácticas avaliadas calificadas entre 0 e 10. Que avalían unha o varias unidades.

- Poden ser varias ao longo da avaliación ou polo menos unha ao final do mesmo.
- Poden constar de:
 - Probas escritas con preguntas tipo test, cuestións, problemas e supostos prácticos .
 - Probas prácticas co computador ou en taller

A cualificación de cada avaliación calcularase da seguinte forma:

- A media ponderada entre as probas teórico/prácticas desa avaliación (a ponderación publicarase a Aula Virtual).
- É necesario acadar un 5 en todas as probas desa avaliación e ter as tarefas Aptas para superala.
- En caso de non ter as prácticas Aptas, ou non acadar un 5 nalgunha proba dunha unidade dunha avaliación, a nota máxima da avaliación será un 4.

- En caso de que se acadar un 5 na avaliación, a nota do boletín será o enteiro máis próximo.
- Se se supera unha avaliación, elimínase materia en caso de ter que presentarse ó exame final .

A nota final do módulo calcúlase coa media ponderada das notas de cada avaliación (a ponderación publicarase na Aula Virtual). É necesario acadar 5 en todas as avaliacións para superar o módulo. En caso de non acadar un 5 nalgúnha avaliación a nota final do módulo será un 4 como máximo.

En caso de que se acadar un 5 en todas as avaliacións, e se superen as prácticas, a nota final do módulo no boletín será o enteiro máis próximo á media correspondente.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

En caso de non superar unha (ou varias) avaliación(s), o alumnado deberá presentarse no exame final a unha proba sobre todas as unidades avaliadas nesa(s) avaliación(s).

- En caso de chegar ao final de curso sen superar algúnha avaliación (.i.e sen acadar un 5 e ter as prácticas aptas) tendo outras aprobadas, irase ao exame final soamente coa materia da(s) avaliación(s) que non se superou, sempre que se cumpran os requisitos para manter a avaliación continua.

Perda de avaliación continua:

- Esta perda prodúcese cando un alumno supera o 10% de faltas non xustificadas
- Supón que só se poderá superar a materia no exame final ao que irá coa totalidade da materia, independentemente das probas aprobadas ata entón.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Os alumnos que perderon o dereito a avaliación continua serán avaliados mediante unha proba ao fin do terceiro trimestre do curso que incluíra os contidos de tódalas unidades didácticas vistas durante o curso. Estes alumnos non teñen opción a eliminación de materia aínda que superaran algunha unidade didáctica antes da perda do dereito a avaliación continua.

O deseño desta proba extraordinaria tomará como referencia os mesmos criterios de avaliación e mínimos esixibles cos que se valorará ao resto de alumnos e alumnas. Dita proba poderá estar constituída por dúas partes, unha escrita e outra práctica co ordenador e/ou no taller.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Por parte do profesor analizarase unidade a unidade a adecuación dos contidos e súa temporalización.
Ademais observarase se as actividades propostas e a metodoloxía a seguir conseguen os obxectivos propostos.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

A sesión de avaliación inicial realizarase ao remate do primeiro mes e servirá de diagnóstico de partida para o equipo docente.
Permitirá adoptar medidas de reforzo educativo ou de flexibilización modular.
Os procedementos serán de natureza diversa, procurando conseguir unha valoración global e integradora do proceso de aprendizaxe do alumno

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Os alumnos con dificultades de aprendizaxe recibirán explicacións máis polo miúdo e poderanes propoñer actividades alternativas.
Para algunhas das tarefas en grupo estes poderanse formar en función da capacidade de cada un dos compoñentes tratando de buscar un equilibrio.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os temas transversais serán un conxunto de coñecementos baseados en actitudes, valores e normas que se terán en conta á hora de abordar o proceso de ensino-aprendizaxe. O seu carácter transversal significa que abarcarán varias materias e que o seu tratamento só poderá ser concibido dende a complementariedade, de xeito que só teñen sentido inseridos na actividade diaria do alumnado.

Non pode concebirse a educación en valores e actitudes como un contido máis do curriculum senón como un conxunto de intereses xerais que toquen todos o módulos e o desenvolvemento das actividades diarias.

Ademais de aqueles temas transversais propios do proxecto educativo integral do centro (educación para a igualdade, educación para a paz, educación do consumidor, actividades de normalización de lingua galega, etc.), no caso dun módulo de Formación Profesional da familia de Informática haberá que considerar algúns outros máis específicos:

- Valoración da seguridade e o control de acceso aos datos, a necesidade de copias de seguridade e da limitación do uso da información exclusivamente aos destinos previstos.
- Utilización correcta dos recursos informáticos preocupándose pola súa conservación como medios comúns.

- Motivación para o coñecemento dos contornos produtivos reais nos que, nun futuro próximo, os alumnos deberán desenvolver as súas tarefas profesionais.
- Traballo con fontes de información diversa, sendo capaz de valorar o seu grao de fiabilidade e utilidade.
- Actitude respectuosa e colaboradora con compañeiros e profesores de cara a conseguir obxectivos compartidos.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Estas actividades serven de complemento á formación dos alumnos e alumnas en relación co módulo profesional, potencian a súa educación en valores, e constitúen unha forma educativa de ocupar o seu tempo de ocio.

Tratarase de programar nalgún momento do curso unha visita a un CPD dun centro de traballo dunha entidade pública ou privada (Amtega, R, SERGAS, Inditex, ...) no que os alumno poidan comprobar in situ como son as instalacións nas que se aloxan os servidores e os centros de traballo nos que potencialmente poderán optar unha vez rematen o ciclo.

Promoverase entre os alumnos actividades complementarias relacionadas co módulo e a Informática en xeral como:

- Asistencia a eventos (feiras/conferencias...)
- Participación en concursos de programación
- Formación online gratuita (OpenWebminars ou CNTG)
- Obter certificacións oficiais de produtos que poidan aportar máis valor ó currículo a maiores do propio título (Certificacións de Microsoft, Linux, Oracle, ...)

Tamén promoverase entre o alumnado a participación en actividades organizadas polo centro educativo: grupos de teatro, excursións, asistencia a eventos culturais, uso da biblioteca, eventos deportivos,...

A oferta de actividades extraescolares do centro é variable cada curso académico e non está suxeita a programacións previas, se non que se irán programando durante o curso segundo a oferta dispoñible.